



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Coirós. Expte. 2026/G013/000002

O art. 9.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións -LXS-, dispón que con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei.

Tendo en conta que o Concello de Coirós carece de ordenanza xeral de subvencións, recentemente realizouse o trámite de consulta previa, que estivo publicado na sede electrónica do 28 de abril ao 13 de maio de 2026.

Solicitouse directamente a opinión das asociacións e persoas físicas afectadas, a través dunha xuntanza convocada polo Concello de Coirós o 11 de xuño de 2026, na que estiveron presentes a concelleira de Relacións coas Asociacións, a técnica da OMIX Paula Boado Presas e a secretaria-interventora municipal.

Emitiuse informe en data 05/06/2026 por parte da asesora xurídica de igualdade, Begoña Riveira Barros, coa finalidade de avaliar o impacto de xénero da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Coirós, en cumprimento do principio de integración transversal da igualdade entre mulleres e homes na actividade normativa das administracións públicas. As recomendacións de mellora incluídas no informe foron incorporadas ao proxecto de ordenanza proposto pola Alcaldía para a súa aprobación inicial polo Pleno da Corporación.

Foi emitido informe pola Secretaría-Intervención en data 06/07/2026, en sentido favorable.

Polo exposto, no uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación inicial da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Coirós, que é do seguinte tenor literal:

“ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE COIRÓS

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. O obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, o réxime e procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións por parte do Concello de Coirós a favor de particulares, entidades e colectivos cidadáns con destino a realización de proxectos, actuacións e actividades que teñan por obxecto o fomento de accións de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, dentro das competencias que correspondan á entidade local.

Esta actividade municipal desenvólvese de conformidade cos principios de igualdade efectiva entre mulleres e homes, non discriminación e integracións transversal da perspectiva de xénero.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Artigo 2. O concepto da subvención

Enténdese por subvencións toda disposición de cartos realizada polo Concello de Coirós a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra cos seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa polas persoas beneficiarias.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizado ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.
- c) Que o proxecto, acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Artigo 3. Réxime xurídico das subvencións

As subvencións que se outorguen polo Concello de Coirós rexeranse, no non previsto na presente ordenanza, polo disposto na:

- A Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións (RLXS) nos seus preceptos básicos.
- O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local.
- A Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Os preceptos non básicos da LXS e RLXS.
- As bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Artigo 4. Ámbito de aplicación

A presente ordenanza será de aplicación a todas as subvencións que conceda o Concello de Coirós sexan en metálico ou en especie, e con independencia do procedemento específico que se siga para o seu outorgamento.

Non están comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza:

- Os premios que se outorguen sen previa solicitude da persoa beneficiaria
- As dotacións económicas aos grupos políticos municipais.
- As axudas económicas de emerxencia social que se rexerán pola súa regulación específica.
- As achegas que en concepto de cotas que se realicen a favor das asociacións ás que se refire a disposición adicional 5ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local.

Artigo 5. Os Órganos competentes

1. É competencia do Pleno da Corporación a planificación da acción de fomento mediante a aprobación dun plan estratéxico de subvencións e a aprobación do orzamento municipal, no que consten os créditos necesarios para levar a cabo a acción de fomento nas distintas áreas de actuación.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

2. É competencia da Alcaldía a aprobación das convocatorias de subvencións, resolucións de concesións, aprobación das xustificacións e ordenación do pago, sen prexuízo das delegacións que se poidan acordar en cada momento a prol da Xunta de Goberno Local.

Artigo 6. As persoas beneficiarias

Terá a consideración de persoas beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que vaian realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación lexitima para a súa concesión.

Cando a persoa beneficiaria sexa unha persoa xurídica, e sempre que así se preveza expresamente na convocatoria, terá igualmente a consideración de beneficiarias as persoas asociadas da beneficiaria que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamenten a concesión da subvención en nome e por conta desta última. Así mesmo, cando se preveza expresamente na convocatoria, poderán acceder á condición de persoa beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos actividades ou comportamentos ou se atopen en situación que motiva a concesión da subvención. Neses casos deberase nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria corresponden á agrupación.

As convocatorias de subvencións determinarán os requisitos específicos que deben reunir as persoas solicitantes para participar no procedemento correspondente.

As entidades beneficiarias deberán respectar o principio de igualdade entre mulleres e homes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria as persoas nas que concorren algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da LXS. A acreditación de non incorrer nas prohibicións para ser beneficiaria realizarase mediante declaración responsable incluída no modelo de solicitude e deberá manterse ata o momento do pago.

Tampouco poderán obter esta condición as entidades sancionadas administrativamente ou condenadas por resolución firme por prácticas discriminatorias por razón de sexo, ou aquelas que fosen condenadas por calquera dos delitos relacionados coa violencia de xénero, tal e como é definida pola lei galega.

Artigo 7. As obrigas das persoas beneficiarias

Son obrigas das persoas beneficiarias, as previstas na lexislación vixente, especialmente:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade e adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.*
- Xustificar ante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou desfrute da subvención.*
- Someterse á actividade de control do Concello destinada a comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello nas ditas actuacións.*
- Adoptar as medidas de difusión e publicidade. A este respecto, estarán obrigadas a facer constar en toda información ou publicidade que se efectúe da actividade ou obxecto da subvención que a mesma está subvencionada polo concello nos termos que se estableza na respectiva convocatoria, convenio ou resolución de concesión.*



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- Comunicar calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.
- Garantir que a publicidade, comunicación e difusión das actividades subvencionadas respecten os principios de igualdade, diversidade e non discriminación, evitando o uso sexista da linguaxe ou imaxes sexistas ou estereotipadas, e fomentando o uso da linguaxe inclusiva e de imaxes que favorezan a igualdade.

Artigo 8. A compatibilidade das subvencións

As subvencións concedidas polo Concello de Coirós e salvo que na convocatoria específica, convenio ou resolución de concesión se sinala outra cousa, son compatibles coas achegas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, sempre que o seu importe, illadamente ou en concorrência con estas, non supere o custo da actividade subvencionada.

Ao efecto, a persoa beneficiaria deberá comunicar ao órgano que concede a subvención a concesión doutras subvencións, axudas, ingresos e demais recursos que financien as actividades subvencionadas cando teña coñecemento e en calquera caso antes da súa xustificación.

Artigo 9. As solicitudes

As persoas físicas presentarán as solicitudes a través do Rexistro Xeral do Concello de Coirós ou no Rexistro Electrónico do Concello ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas xurídicas presentarán as solicitudes electronicamente mediante instancia xeral na sede electrónica do Concello de Coirós, de conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que dispón a obriga das persoas xurídicas de relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas. No suposto de presentar a solicitude de maneira presencial, requiriráselle á persoa interesada para que emende a través de su presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como a data de presentación da solicitude aquela na que se teña realizada a subsanación.

Si a solicitude non reúne os requisitos esixidos ou non se acompañasen os documentos preceptivos, requirirase á persoa interesada para que no prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixera, terase por desistida na súa petición. Este prazo só poderá ser ampliado nos procedementos de concesión directa.

Artigo 10. Os gastos que se subvencionan

Subvencionaranse os gastos realizados no período a subvencionar que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios. En ningún caso o custe de adquisición destes gastos poderá ser superior ao valor de mercado.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas convocatorias ou instrumento que regule a subvención.

Así mesmo subvencionaranse aqueles custos indirectos imputables á actividade e custos de funcionamento ordinarios cando así se estableza expresamente na convocatoria ou instrumento que regule a subvención. En ningún caso subvencionaranse os xuros debedores das contas bancarias; os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

xudiciais. Así mesmo non se subvencionarán os impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

Os tributos son gastos que se subvencionarán cando a persoa, física ou xurídica, beneficiaria da subvención o abone efectivamente. En ningún caso se subvencionarán os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

Artigo 11. As bases específicas e as convocatorias

A presente ordenanza constitúe as bases xerais de subvencións que será completada en cada ocasión coas correspondentes bases específicas e convocatorias que se aprobarán conxuntamente co contido mínimo esixido nos artigos 17.3 e 23.2 da LXS.

Antes de ser elevadas ao órgano de aprobación, tódolos proxectos de subvencións municipais deberán ser remitidos polo persoal técnico á asesora xurídica municipal en igualdade para a avaliación do impacto de xénero, e a realización das posibles recomendacións.

A publicación das bases específicas e convocatorias realizarase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos no artigo 20 da LXS e adicionalmente no taboleiro de anuncios.

Artigo 12. Os procedementos de concesión

O procedemento ordinario de concesión será o de concorrencia competitiva, mediante a comparación de solicitudes ao obxecto de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios e valoración fixados na convocatoria e baseados na publicidade da convocatoria e nos principios de transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. Igualmente procurarase a maior eficiencia na asignación e utilización dos fondos públicos.

Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As nominativas previstas no orzamento municipal.*
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposta a esta administración local por unha norma de rango legal.*
- c) Con carácter excepcional aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*

Artigo 13. O procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva

O procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria pública aprobada polo órgano competente de acordo co disposto no artigo 5.

A publicidade das convocatorias realizaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) así como na sede electrónica.

As convocatorias deberán incluír o contido ao que se refire o artigo 23.2 da LXS, especialmente:

- A indicación da presente ordenanza e do boletín no que se teña publicado.*
- O interese público afectado e a competencia que exerce o Concello.*



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- A referencia ao Plan estratéxico de subvencións que prevé ou fundamenta a concesión da subvención.
- A normativa de aplicación.
- O obxecto e a finalidade.
- O crédito orzamentario.
- Os requisitos das persoas beneficiarias.
- A Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións.
- A forma e o prazo de presentación das solicitudes.
- O procedemento de tramitación das subvencións, con indicación dos órganos competentes para a instrución e a resolución do procedemento.
- O prazo da resolución e notificación.
- No seu caso, a posibilidade de reformulación das solicitudes de conformidade co disposto no artigo 27 da LXS.
- O medio da notificación ou publicación.
- A contía da axuda.
- A posibilidade de efectuar os pagos anticipados.
- A esixencia, no seu caso, de cumprir co trámite da aceptación.
- O período e gastos que se subvencionan.
- Os criterios da valoración.
- A forma e o prazo da xustificación das axudas concedidas.
- As obrigas das persoas beneficiarias.
- O réxime das infraccións e sancións.
- O reintegro das subvencións.
- O tratamento dos datos de carácter persoal.

As convocatorias deberán incluír modelos normalizados, declaracións responsables e demais documentos que deban presentarse xunto coa solicitude e xustificación das subvencións.

A tramitación das subvencións en réxime de concorrência competitiva rexeráse polo disposto nesta ordenanza e na convocatoria aprobada ao efecto.

O órgano competente para a instrución realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos achegados polas persoas beneficiarias e emitirá informe relativo ás solicitudes que cumpran os requisitos para poder ser beneficiarias da subvención.

Na comisión avaliadora formará parte sempre a asesora xurídica en igualdade do Concello, e no caso de ter que ser substituída, deberá formar parte unha persoa con máis de 500 horas de formación en igualdade; podendo emitir un informe ao respecto

Por resolución da Alcaldía designaranse así mesmo as persoas que formen parte dunha comisión avaliadora que emitirá un informe onde se recolla a orde de concesión das axudas ás persoas beneficiarias.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que debe constar que, da información que obra no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e que non se atopan incursos en ningunha das prohibicións establecidas para ser beneficiarias na lexislación vixente

Con todo, e demais informes que no seu caso foran normativamente esixibles, o órgano competente de acordo co disposto no artigo 5, resolverá o procedemento. A resolución ademais



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

de conter a concesión da subvención deberá conter de xeito motivado a desestimación, no seu caso, do resto das solicitudes.

A concesión de premios que teñan a natureza de subvención deberá efectuarse de acordo co disposto no presente artigo, admitindo aos efectos da súa xustificación, a aplicación do artigo 30.7 da LXS.

Artigo 14. O procedemento de concesión directa das subvencións

O procedemento da concesión das subvencións nominativas e a súa tramitación regularase anualmente nas bases de execución do orzamento do Concello de Coirós.

O convenio será o instrumento de canalización da concesión das subvencións nominativas.

O procedemento excepcional da concesión directa de subvencións consonte ao disposto no artigo 22.2.c) da LXS e a súa tramitación regularase anualmente nas bases de execución do orzamento do Concello de Coirós. Estas subvencións deberán solicitarse mediante un modelo normalizado e canalizarse mediante unha resolución, co mesmo contido que o previsto para os convenios das subvencións nominativas.

CAPÍTULO III. PERSPECTIVA DE XÉNERO

Artigo 15. Criterios de valoración das convocatorias

As convocatorias poderán incluír criterios de valoración relacionados coa incorporación da perspectiva de xénero nos proxectos subvencionados, a promoción da igualdade entre mulleres e homes ou a participación equilibrada.

Artigo 16. Datos desagregados por sexo

As convocatorias poderán requirir ás entidades ou persoas beneficiarias a achega da información estatística desagregadas por sexo relativa ás persoas participantes ou destinatarias das actividades subvencionadas.

Artigo 17. Vinculación co Plan de igualdade municipal

As convocatorias poderán priorizar as actuacións aliñadas cos obxectivos establecidos no Plan municipal de igualdade vixente.

Artigo 18. Formación e sensibilización

Valorase positivamente na concesión de subvencións, a existencia de protocolos internos de igualdade, plans de igualdade, a formación en igualdade ou as medidas contra as discriminacións que teñan as persoas solicitantes.

Artigo 19. Acción positivamente

Cando a natureza da actividade subvencionada o permita e existan situacións de desigualdade de feito acreditadas, as convocatorias poderán establecer medidas de acción positiva a favor das mulleres ou de entidades que desenvolvan actuacións de promoción da igualdade.

Nas liñas de subvencións vinculadas ao deporte, cultura ou participación social poderán incorporarse medidas destinadas a favorecer a participación das mulleres en ámbitos nos que exista infrarrepresentación.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Artigo 20. Cláusula sobre conciliación e corresponsabilidade

Poderán valorarse positivamente aquelas actuacións que incorporen medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral ou que fomenten a corresponsabilidade.

Artigo 21. Especial protección

Os efectos das subvencións municipais nomearanse como familias de especial consideración en todo caso

A) Familias monomarentais ou monoparentais

B) Familias numerosas

C) Aquelas onde a muller sufrira violencia de xénero.

Esta situación acreditarase sempre a través do certificado de familia monoparentais, ou de familias numerosas da Xunta de Galicia.

A situación de violencia de xénero será acreditada a través de calquera das vías que sinala o artigo 5 da lei 11/2007, de 22 de xullo galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Artigo 22. Seguimento do impacto de xénero

O Concello poderá incorporar os mecanismos de seguimento e de avaliación do impacto das subvencións desde a perspectiva de xénero, especialmente naquelas liñas de axuda con incidencia social, cultural, deportiva ou comunitaria.

CAPÍTULO IV. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Artigo 23. A xustificación

A obriga da xustificación ten por obxecto acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, das condicións impostas e dos obxectivos previstos así como a aplicación dos fondos percibidos. A modalidade da xustificación deberá indicarse na convocatoria, no convenio ou na resolución de concesión de entre as previstas no artigo 30.1 LXS.

Se a subvencións se concede en atención á concorrencia dunha determinada situación da persoa perceptora, non requirirá outra xustificación que a acreditación da dita situación previamente á concesión.

A modalidade ordinaria de xustificación será a conta xustificativa con achega dos xustificantes dos gastos, que deberá conter:

1. A memoria da actuación con indicación das actividades realizadas e os obxectivos acadados e na que conste a declaración expresa de que se cumpriu coa finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.

2. A memoria económica:

a) A relación clasificada dos gastos da actividade con indicación de:

- A persoa ou entidade provedora*
- O NIF*
- O Nº documento*
- O concepto*
- A data*
- O importe*



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- A data de pago

Debendo indicarse se os importes abonados en concepto do IVE son ou non recuperables ou compensables.

Deberán achegarse todos os xustificantes acreditativos dos gastos incluídos nesta relación así como os xustificantes de pago.

Non se admitirán pagos en efectivo por importe superior ao fixado pola Lei 7/2012 do 29 de outubro de Prevención de fraude fiscal ou normativa que a substitúa.

No caso de gastos de persoal deberá achegarse unha relación onde conste:

- O nome e apelidos e o NIF da persoa empregada
- A mensualidade
- O importe bruto
- A data de pagamento á persoa empregada
- O importe do custe da Seguridade Social a cargo da empresa
- A mensualidade
- A data do pagamento á Seguridade Social

Deberán achegarse os recibos das nóminas e os xustificantes de pago á persoa empregada así como os documentos RNT, RLC e o xustificante dos pagamento á Seguridade Social.

3. A acreditación das medidas de difusión e publicidade adoptadas.

Deberán achegarse as fotografías acreditativas da inclusión no material publicitario ou da difusión da actividade o escudo do Concello de Coirós ou mención expresa da súa participación na actividade. Así mesmo, calquera información nos medios de comunicación (prensa escrita, radio, internet, boletíns ou notas internas do club, caso de existir, etc), deberán aludir á colaboración do Concello de Coirós.

- A relación detallada dos ingresos ou das subvencións percibidas para o financiamento da actividade indicando o importe e a procedencia.

Artigo 24. O pagamento das subvencións

O pagamento das subvencións efectuarase unha vez aprobadas as xustificacións das subvencións concedidas. Excepcionalmente, e sempre que así se estableza na convocatorias da concesión en réxime de concorrencia, poderán efectuarse os pagamentos anticipados. No caso das subvencións nominativas directas previstas no orzamento, o anticipo non poderá ser superior ao 75% do importe concedido. No suposto das subvencións directas de carácter excepcional do artigo 22.2.c) admitirase o anticipo de ata o 100% do importe concedido.

CAPÍTULO V: REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 25. O reintegro das subvencións

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia dos xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) referido á invalidez da resolución da concesión e nos supostos previstos con carácter xeral no dito artigo

Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde o inicio do reintegro ou data en que o debedor ingresara ou reintegrara se fora anterior.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

O procedemento de reintegro rexerese polas disposicións xerais sobre os procedementos administrativos contidas no título IV da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coas especialidades da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 26. O réxime das infraccións e sancións

As infraccións e as sancións en que poidan incorrer as persoas beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 27. Cláusula de interpretación con perspectiva de xénero

As disposicións da presente ordenanza e das correspondentes convocatorias interpretaranse conforme ao principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes e ao principio de eliminación de discriminacións por razón de sexo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Aos procedementos da concesión de subvencións xa iniciados á entrada en vigor da presente ordenanza seralles de aplicación a normativa vixente no momento do seu inicio. Considerarase o procedemento iniciado para as subvencións de concorrencia competitiva dende o momento da publicación da convocatoria e para a concesión directa o momento en que se adopte a resolución de concesión ou se subscriba o convenio.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas todas as ordenanzas xerais reguladoras das distintas subvencións.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza, unha vez que sexa aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e entrará en vigor transcorrido o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 do citado texto legal."

SEGUNDO.- A publicación do acordo que se adopte no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios deste Concello, e no sitio web municipal, ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial, as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e/ou suxestións que consideren oportunas (art. 49 LRBRL), que serán resoltas pola Corporación.

De non se presentaren reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

TERCEIRO.- Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación inicial elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto da Ordenanza, se publique no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

CUARTO.- Que o acordo e o texto da Ordenanza se comunique ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo do seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Coirós, a 6 de xullo de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo